

IMOS CONTAR UN CONTO

*POIS IMOS CONTAR UN CONTO,
UN CONTO MOI ESPECIAL.
NON SABEMOS DE QUE TRATA
MAIS PRONTO SE SABERÁ. (BIS)*

AO MELLOR É DE LOBOS
OU TAMÉN DOUTRO ANIMAL.
PODE SER DE SEREAS
OU TAMÉN DUN PASPALLÁS.
[RETROUSO]

TEREMOS OLLOS ABERTOS,
O CU PEGADO NO CHAN.
COAS ORELLAS ESCOITANDO,
AXIÑA IMOS COMEZAR.
[RETROUSO]

ESTAREMOS MOI ATENTOS
PARA PODER IMAXINAR
O SON QUE FAN OS PAXAROS,
TAMÉN AS ONDAS DO MAR.
[RETROUSO]

E SE GUSTA MOITO O CONTO,
PODERÍAMOS CONTAR
UN SEGUNDO E UN TERCEIRO,
O CUARTO PARA REMATAR.
[RETROUSO]

